



CIRCULAR: 14/2023, NOTA INFORMATIVA DA PARTICIPACIÓN DA FGM NA SEMANA DE SENDEIRISMO FEDME 2023: SENDEIRISMO E OSOS CON FUTURO

Comprácenos anunciarvos os detalles da primeira das actividades en colaboración FGM-FOP no marco do *Proxecto LIFE Osos con Futuro*, que levarase a cabo o vindeiro **sábado 6 de maio** nunha zona con presenza de oso pardo en Galicia.

A actividade é de balde e oriéntase a informar e formar aos usuarios dos sendeiriros e montañas sobre como comportarse ante a presenza dun oso pardo. Percorreremos, acompañados de dous guías da Fundación Oso Pardo, aprox. 11 km da fermosa senda fluvial do río Lor dende Zanfoga (Pedrafita) ata o Acampamento do Caurel (Folgozo do Caurel).

O sendeiro é de dificultade media-baixa, e recomendamos a participación de menores acostumados a camiñar a partires dos 6 anos. Os menores deberán vir cun adulto ao seu cargo.

A hora estimada de saída é as 9:30 h no Acampamento O Caurel, de onde partiremos en taxis ata Zanfoga. Aínda que ao remate da actividade confraternizaremos cun pincho, recomendamos levar algo de comida e auga para o camiño.

Dado que as prazas son moi limitadas (30 prazas), pregamos aos inscritos que por causas de forza maior non poidan asistir, nos avisen o antes posible para poder facer uso da lista de agarda. Tamén que dentro das vosas posibilidades, vos organicedes en transporte compartido ata o punto de saída en taxi para deste xeito mobilizar o mínimo posible de vehículos e diminuír a pegada de carbono da actividade.

Para inscribirte preme no seguinte enlace: [INSCRICIÓN SENDEIRISMO E OSOS CON FUTURO](#)

Prazo de inscrición: **ata o 28 de abril. Se quedasen prazas libres, ata o mércores 3 de maio de 2023.**

O día anterior porémonos en contacto convosco por correo electrónico para formalizar os detalles da actividade e o lugar/hora de encontro. Para calquera dúbida podedes contactarnos nas canles habituais da FGM: <https://fedgalmon.gal/>

Con este evento participaremos como federación no evento da *“Semana de Senderismo 2023 FEDME”* optando ao *“Premio á mellor actividade medioambiental”*.

Por un ***Sendeirismo e Osos con Futuro***

Vigo, 19 de abril de 2023

A presidenta da FGM